

Resolución do 2 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o artigo 34 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

En cumprimento do disposto no artigo 34 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG nº 55, do 19 de marzo de 2007), que establece a data do día 1 de marzo ou, de non ser lectivo, como é o caso, o día lectivo inmediatamente seguinte, como a data do sorteo público previsto na devandita disposición, na Sala A da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela, e baixo a presidencia do subdirector xeral de Centros, ás doce horas desta data tivo lugar o devandito sorteo.

Conforme o resultado do sorteo, as dúas letras de prioridade que afectan o primeiro e, se é o caso, ao segundo apelido, para os efectos de resolución do desempate da puntuación final na orde de admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos correspondente ao ano 2009, serán as letras Q e R.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2009.

María José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan no ano 2009.

O sector equino é un dos sectores gandeiros con máis importancia histórica en Galicia. Ata mediados do século pasado, o seu papel como forza de transporte e traballo foi insustituíble, e o resto dos seus produtos tiñan a relevancia suficiente como para seren incluídos dentro da contabilidade agraria. Non obstante, a rápida substitución do equino como ferramenta de traballo debido aos avances tecnolóxi-

cos levou a unha importante regresión desta produción gandeira.

A pesar desta evolución histórica, o gando equino segue a ter un destacado papel no sector gandeiro galego, tanto polo censo destes efectivos como por seren estes capaces de aproveitar directamente recursos naturais fóra do alcance doutras producións gandeiras. Precisamente esta capacidade levou á xeneralización en Galicia dun sistema de crianza peculiar consistente na explotación en extensivo e completa liberdade. Este sistema de cría desenvólvese maioritariamente sobre a base territorial dos montes xestionados polas comunidades de montes veciñais en man común (CCMMVVMC), que representan practicamente un terzo da superficie forestal galega.

O fomento deste tipo de produción gandeira é estratéxico para o medio rural galego tanto pola xeración de riqueza que representa o aproveitamento *in situ* e sustentable de recursos naturais polas greas, como pola súa incidencia no control da acumulación de biomasa piroxénica nos montes e, polo tanto, contribución á diminución da probabilidade e gravidade dos incendios forestais. Neste terreo, esta orde pretende fomentar actuacións encamiñadas a compatibilizar a cría de équidos cos aproveitamentos forestais e outros aproveitamentos do monte mediante o desenvolvemento de programas de cría que apliquen criterios zootécnicos; fomentar a organización dos produtores equinos en asociacións que establezan acordos de aproveitamento de pastos coas CCMMVVMC; e, finalmente, fomentar actividades de asistencia técnica, e mellorar a comercialización dos produtos.

Por outra banda, en consonancia coas novas directrices da última reforma da política agraria común, o fomento da produción gandeira debe orientarse noutros ámbitos empresariais cara ás demandas sociais do mercado; desde o turismo rural, con crecente importancia de xeito continuado, ata as actividades terapéuticas, como é o emprego do gando equino na adaptación de persoas con minusvalidez e sen esquecer todas as actividades deportivas relacionadas con este tipo de animais (carreiras, concursos de saltos, etc.), todas elas, á fin e ao cabo, xeradoras dunha riqueza económica e social que se considera adecuado fomentar desde os poderes públicos.

Estas axudas axústanse ao disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013, DO C 319, do 17 de decembro de 2006; ao Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001, DO L 358, do 16 de decembro de 2006; ao Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do